

BASES I EDICIÓN SMART-UP GALICIA

Presentación

A Federación Galega de Xoves Empresarios (FEGAXE - AJE Galicia) é unha organización de ámbito autonómico con carácter multisectorial e sen ánimo de lucro, circunscrita ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Está integrada polas Asociacións de Xoves Empresarios de A Coruña, Ferrolterra, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, que representan máis de 700 empresas lideradas por empresarios e empresarias galegos.

No marco do seu compromiso coa promoción e difusión da cultura emprendedora, a innovación e o desenvolvemento empresarial, AJE Galicia organiza a **I edición de Smart-Up Galicia**, en virtude do convenio de colaboración subscrito coa Xunta de Galicia, orientado ao impulso do emprendemento xuvenil, a conexión entre o ámbito educativo e empresarial e o desenvolvemento do talento en Galicia.

O evento está **dirixido a estudantes de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Universidades de Galicia**, co obxectivo de fomentar o espírito emprendedor, impulsar a cultura da innovación e achegar ao alumnado unha experiencia práctica sobre o funcionamento do mundo empresarial a través da creación, desenvolvemento e presentación de ideas e proxectos emprendedores ante un xurado profesional e diversas empresas do ecosistema galego.

Lugar e data de celebración

O evento celebrarase o **xoves 29 de outubro** na **Cidade da Cultura** (Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña), **a partir das 10:00h.**

Bases I Smart-Up Galicia

PRIMEIRA. Participantes

Poderán participar:

- Estudantes e ex-estudantes de **ESO, Bacharelato e Formación Profesional** e **universidades galegas** que teñan unha idea ou proxecto emprendedor.

A participación poderá ser:

- De forma individual
- En grupo de ata 5 participantes.

No caso de ESO e Bacharelato e Formación Profesional, será imprescindible contar cun profesor ou titor.

Cada centro educativo, universidade ou institución participante **poderá presentar un máximo de 10 propostas.**

SEGUNDA. Requisitos de participación

Cada participante ou grupo poderá presentar unha única proposta.

As propostas deberán ser desenvolvidas polos propios participantes e deberán corresponder a unha idea ou proxecto emprendedor no que exista participación directa das persoas inscritas.

No momento da presentación da candidatura, deberá indicarse se a proposta corresponde á categoría de:

- Idea emprendedora.
- Proxecto emprendedor.

A organización poderá solicitar documentación adicional relativa ás propostas presentadas para comprobar a información achegada.

TERCEIRA. Os proxectos

As propostas presentadas no marco de Smart-Up Galicia poderán consistir nunha idea emprendedora ou nun proxecto emprendedor.

Entenderase por:

- **Idea emprendedora:** proposta que identifica unha necesidade ou oportunidade e presenta unha posible solución, aínda que se atope nunha fase inicial de desenvolvemento.

- **Proxecto emprendedor:** proposta cun maior nivel de madurez, cunha solución definida e que acredita a súa viabilidade técnica, económica e/ou social.

Todas as propostas deberán incluír, como mínimo:

- Identificación do problema ou necesidade detectada.
- Descrición da solución proposta.
- Público obxectivo.
- Proposta de valor.
- Viabilidade técnica, económica ou social.

Valorarase especialmente a innovación, a creatividade, a viabilidade da proposta e o seu impacto social, económico e ambiental.

As propostas deberán ser viables a nivel conceptual e poder ser explicadas nun contexto de mercado real.

Durante o evento, as propostas presentaranse nun formato de feira de emprendemento mediante stands personalizados, nos que os equipos defenderán a súa iniciativa ante o xurado e o público asistente.

O tempo de exposición será determinado pola organización e comunicado previamente ás persoas participantes, garantindo a igualdade de condicións para todos os equipos.

CUARTA. Categorías e premios

Establécense as seguintes categorías de participación para o premio **Mellor Iniciativa Smart-Up**, dirixido ás propostas presentadas como **idea emprendedora**:

- **ESO e Bacharelato.**
- **Formación Profesional (FP).**
- **Universidades.**

Ademais, todas as propostas participantes, independentemente da categoría á que pertencen, poderán optar aos seguintes premios:

- **Mellor Proxecto Smart-Up:** recoñecerá a proposta que destaque polo seu maior grao de desenvolvemento, viabilidade e potencial de aplicación nun contexto real.
- **Accésit á Responsabilidade Social Empresarial (RSE):** recoñecerá a proposta que destaque polo seu compromiso e impacto positivo no ámbito social, ambiental e/ou económico.
- **Accésit á Innovación:** recoñecerá a proposta que destaque polo seu carácter innovador, diferenciador e pola incorporación de novas solucións ou enfoques.

A organización poderá establecer os criterios de valoración específicos para cada premio, que serán comunicados previamente ás persoas participantes.

QUINTA. Criterios de valoración

O xurado avaliará os proxectos tendo en conta os seguintes criterios:

- Grao de innovación e orixinalidade.
- Definición do problema e adecuación da solución.
- Viabilidade do proxecto.
- Claridade na presentación e defensa.
- Impacto social, económico e/ou ambiental.
- Creatividade e desenvolvemento do modelo de negocio.

O xurado contará con liberdade de criterio para a concesión dos premios, sendo as súas decisións inapelables.

SEXTA. Xurado

O Xurado estará composto por diversas personalidades do mundo empresarial, financeiro e institucional.

As súas decisións serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. No caso de empate, decidirá o voto de calidade o presidente de AJE Galicia.

SÉPTIMA. Documentación

As propostas participantes deberán enviarse **dende cada institución** por correo electrónico ao enderezo **eventos@ajegalicia.com** dentro do prazo establecido nas presentes bases.

As candidaturas presentadas deberán axustarse en modo, tempo e forma ao indicado, estar debidamente documentadas e incluír a información necesaria para permitir ao xurado a correcta avaliación das propostas.

- **Documentación obrigatoria:**

- Solicitud de candidatura (facilitado pola organización).
- Memoria explicativa do proxecto en formato PDF.

- **Documentación opcional:**

- Material visual de apoio (presentación, póster ou similar).
- Vídeo explicativo do proxecto.
- Calquera outro material complementario (imaxes, deseños, etc.) que contribúa a unha mellor comprensión da proposta.

A presentación da candidatura non exclúe a posibilidade de que a organización ou o xurado soliciten documentación adicional co fin de verificar a información achegada ou ampliar a avaliación da proposta.

OITAVA. Prazo e lugar de presentación das candidaturas

As propostas participantes deberán entregarse dentro do prazo de presentación de candidaturas, que finalizará o **mércores 30 de setembro de 2026**.

A documentación deberá enviarse por correo electrónico ao enderezo **eventos@ajegalicia.com**.

A organización comunicará a admisión definitiva das candidaturas presentadas antes do día **07 de outubro de 2026**.

NOVENA. Acto final e entrega de premios

Os premios entregaranse no marco do evento Smart-Up Galicia, tras a deliberación do xurado, nunha gala final con presenza institucional, empresarial e educativa.

DÉCIMA. Confidencialidade do xurado

A documentación facilitada polas persoas participantes será utilizada exclusivamente para a súa avaliación por parte do xurado e terá carácter confidencial.

A organización resérvase o dereito de facer uso dos nomes das persoas participantes, así como da imaxe corporativa e material gráfico dos proxectos, unicamente para fins de difusión e promoción do evento Smart-Up Galicia.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, AJE Galicia informa de que os datos recollidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar a participación no evento.

Os datos serán tratados de maneira confidencial e non serán cedidos a terceiros, salvo obrigação legal ou no caso de ser necesario para a correcta organización do evento.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos seus datos mediante comunicación escrita, achegando copia do DNI, ao seguinte enderezo: AJE Galicia – c/Rosalía de Castro, 1, Centro de Negocios Santiago – Local 2, 15701 Santiago de Compostela.

A participación no evento implica a aceptación do tratamento dos datos nos termos indicados.